

gación del carácter y objetivos de la asociación.

Barcelona, 29.8.1980

Legalizada a «Asociación de Escritores en Língua Galega»

SANTIAGO. — (Da nosa Delegación). — Ven de ser legalizada a Asociación de Escritores en Lingua Galega, tal e como se desprende dunha notificación que remiteu ao presidente da mesma, Bernardino Graña, o organismo correspondente do Ministerio de Trabajo, que é o que entende en cuestións relacionadas coa constitución de asociacións profesionais, carácter que se lle deu a esta de escritores, o que conllevará que nun proceso de normalización cultural o escritor galego poida acollerse ao réximen da Seguridade Social.

Para especificar os obxetivos

e poñer por diante as razóns que motivaron a formación desta asociación, tocando temas relativos ao escritor galego e as condicións nas que ten que desenrolar o seu traballo creativo, terá lugar mañán, a partir das sete e media e na Galería Sargadelos de Compostela un acto público.

Tamén será presentada a asociación en Catalunya. Será o día 11 do mes de novembro, no decorrer dun acto que estará organizado pola Asociación de Escritores en Lengua Catalana e polo Pen Club Catalán. Para isto, desplazaránse a Barcelona dous membros da xunta directiva galega.